

6/204 MODIFICACIÓN DO ACORDO 15/15 "MODIFICACIÓN DO ACORDO 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO".- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Persoal, do 12 de abril de 2021, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2020 adoptou o acordo 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de outubro de 2020 adoptou o acordo 25/524 MODIFICACIÓN DO ACORDO 16/338 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 29 DE XULLO DE 2020 E DO ACORDO 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de xaneiro de 2021 adoptou o acordo 15/15 MODIFICACIÓN DO ACORDO 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO e, detectado un erro na redacción da parte dispositiva de dito acordo, xa que onde di:

“3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira de calquera Administración Pública, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar, sen ter transcorrido o prazo legal obrigatorio de permanencia de seis meses dende que ocupou con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso.”

debe dicir:

“3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac441863793917921045.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-4-2021

A) Ser funcionarios/as de carreira de calquera Administración Pública, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar neste concurso."

Visto que no BOE nº 75 do 29 de marzo de 2021 foi publicada Resolución de 15 de marzo de 2021 referente á convocatoria para proveer postos de traballo polo sistema de concurso, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación da resolución no "Boletín Oficial do Estado".

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Modificación do acordo 15/15 MODIFICACIÓN DO ACORDO 17/339 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO, de xeito que onde di:

"3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira de calquera Administración Pública, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar, sen ter transcorrido o prazo legal obrigatorio de permanencia de seis meses dende que ocupou con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso.”

debe dicir:

“3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira de calquera Administración Pública, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar neste concurso.”

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes que será de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación no “Boletín Oficial do Estado” do presente acordo.